

Documentos de Celanova no Minutario Notarial de Gonzalo Oureiro

Ana M^a Gordín Veleiro
Universidade de Vigo

Os documentos que se transcriben a continuación forman parte do libro I de notas de Gonzalo Oureiro, coengo, notario apostólico e chanceler do cabido da Catedral de Ourense. Este libro está custodiado no Arquivo da Catedral de Ourense e consta de documentos non orixinais escritos en gótica galega e validados, os máis, co nome e a rúbrica do dito notario.

A transcripción desta documentación xunto coa que forma parte do libro II de notas do mesmo notario e os libros I e II de Pedro Sánchez de Baeza, coengo, notario e arcediago da Terra de Baroncelle e os libros I e II de Rodrigo Alfonso, coengo e notario apostólico, constitúen a base da miña tese doutoral, que baixo a dirección da profesora Dra. Dna. Beatriz Vaquero Díaz se atopa en proceso de redacción.

1

1419, abril, 5, mércores. [Ourense].


Afonso Pérez de Cedofeita, sobriño do abade de Celanova, renuncia á igreia de Santa María de Couso para a que fora presentado como reitor polo mosteiro de Celanova, en favor do crego Fernando Rodríguez de Parada de Ribeira.

α.- ACO, Minutario notarial de Gonzalo Oureiro, f. 18r.

Contracto e renunçiaçon da igreia de Couso

[18r] § Quarta feira çinco dias do mes de abril, anno Domini M^o CCCC^oXIX^o enas pousadas / onde moraua Fernando Rodrigues, canonigo e bigairo de dom Pero Ares de Baamonde dean da igreia /³ d'Ourens, estando y dom frey Iohan de Çedofeita, abade do mosteiro de Çelanoua et / frey Ares, prior do dito mosteiro, logo enton o dito abade diso a Afonso Peres de Çedofeita, / seu sobrinno, que por quanto el o auia presentado¹ con o prior e /⁶ conuento do dito mosteiro aa igreia

¹ por e en n] *riscado*.



de Santa Maria de Couso que bacar vltimamente per / morte de Alvaro Rodrigues pustrimeiro rector que dela <foy> que agora que lle mandaua et / rogaua que renunçiasse a dita apresentaçom en maaos do dito Fernando Rodrigues, bigairo, en /⁹ fauor de Fernando Rodrigues de Parada de Ribeira, clerigo que presente estaua. E logo o dito Afonso / Peres diso que en conprindo o mandado do² dito abade que lle prazia; a qual renunçiaçom / logo fezo en maaos do dito Fernando Rodrigues e fezo juramento en forma de nunca yr /¹² nin pasar contra a dita renunçiaçom et logo o dito abade e prior que presentes estauan / por si e en nome do dito conuento e mosteiro de Çelanoua deron a sua presentaçom / e apresentaron logo aa dita igleia ao dito Fernando Rodrigues de Parada de Ribeira, clerigo, et /¹⁵ disseron que pedian e pediron logo ao dito Fernando Rodrigues, canonigo e bigairo sobredito, que per uirtude / da dita apresentaçom do dito mosteiro e deles en seu nome feze-se colaçom, prouison, canoni/ca instituiçom da dita igleia de Santa Maria de Couso ao dito Fernando Rodrigues, clerigo. Et logo /¹⁸ o dito Fernando Rodrigues, bigairo, diso que resçebia a dita renunçiaçom que asi fezer o dito Afonso Peres / en suas maaos e outrossi a apresentaçom dos ditos abade e prior, que lle prazia de / fazer colaçom e canonica instituiçom ao dito Fernando Rodrigues, clerigo. Et logo o dito abade e /²¹ prior disseron ao dito Fernando Rodrigues que sacasse juramento ao dito Fernando Rodrigues, clerigo, que fosse senpre / obediente con a dita igleia ao dito mosteiro de Çelanoua e abade e prior e conuento e lles / fezesse senpre connoçemento pagandolles seus jantares e tributos que o dito /²⁴ mosteiro ha ena dita igleia e vsando con³ o dito mosteiro segundo que senpre vsaron / seus antecesores, clerigos que foron da dita igleia. O qual dito Fernando Rodrigues, clerigo, fezo o dito / juramento enas maaos do dito vigairo que senpre o asi fezesse etçetera.

Testemuyas: Pero Carneiro /²⁷ raçoeiro e Johan Fernandes, alfayate ome do dito vigairo.

§ E despois deste dia⁴ quinta feira seis dias do dito mes o dito vigairo estando / dentro enas ditas casas fezo colaçom e prouison e canonica instituiçom a apresentaçom /³⁰ dos ditos abade e prior e conuento do dito mosteiro ao dito Fernando Rodrigues, clerigo, et que manda/ua dos friigueses da dita igleia etçetera.

Testemuyas: Johan Fernandes⁵ e (*en branco*) notarios / da çidade d'Ourens familiares do dito bigairo, e Afonso Vaasques, criado do dito dean e outros.

/³³ Gonçaluus Aurarius, notarius (*rúbrica*).

Rodericus, canonicus, notarius appostolicus (*rúbrica*).

² riscado ilexible.

³ elo] riscado.

⁴ quar] riscado.

⁵ notario] riscado.

2

1419, abril, 6, xoves. Ourense.

O bispo auriense don Francisco a petición de don Xoán de Cedofeita, o abade de Celanova, prohibe os que ingresan no mosteiro que vendan as súas propiedades en lugar de entregalas ao mosteiro como manda a regra.

α. - ACO, Minutario notarial de Gonzalo Oureiro, f. 18v.

Abade de Celanova

[18v] § Quinta feira VI dias do dito mes do dito ano dentro enos paaços do sen-
nor obispo estando / presente o sennor dom Françisco, obispo d'Ourens, e estan-
do y presente dom frey⁶ Johan de Çedofeita, abade / do mosteiro de Çelanoua e
frey Ares, prior do dito mosteiro, estonce o dito abade de Çelanoua /³ diso e fezo
relaçon ao dito sennor obispo en commo qualquer que se metese ena / orden e eno
dito mosteiro frayle, que todos los beens que ao dito tenpo auia moueles et / ray-
zes que eran confiscados ao dito mosteiro e que tal regla e constituçon auia eno /⁶
dito mosteiro et que algunos dos sobreditos non parando mentes a esto e queren-
do vsur/par a regla e constituçon e costume aprouado etçetera, que bendian ena
bida algunos dos / ditos beens que asi eran do dito mosteiro porla dita razon e diso
ao dito sennor obispo que se /⁹ asi pasase que o dito mosteiro e el e o dito prior e
conuento en seu nome resçeberian grande / agrauio e dampno et perderian gran-
de jurdiçon que senpre ouuera o dito mosteiro e pedia ao dito / sennor obispo que
lle proueesse de remedio con justiçia. E o dito sennor obispo diso que el⁷ been/¹²do
a petiçon do dito abade que era justa e dereita mandoulle dar carta contra os
sobre/ditos que taes bendas fesesen e contra os conpradores que as conprasen en
perjudiçon / do dito mosteiro sub pena d'escomoyon etçetera.

Testemuyas: o dito frey Ares, prior; Afonso Peres, so/¹⁵brinno do dito abade;
frey Pero de Grou, monje do dito mosteiro, e outros.

3

1419, abril, 6, xoves. Ourense.

Frei Xoán de Cedofeita, abade de Celanova, solicita a don Francisco, bispo de Ourense, licencia para empeñar propiedades do mosteiro de Celanova e sufragar así os gastos da viaxe á corte do pontífice Martiño V.

⁶ frey | interliñado superposto.

⁷ el | interliñado superposto.



α.- ACO, Minutario notarial de Gonzalo Oureiro, f. 18v.

§ Item en este dia e ora e lugar o dito abade diso ao dito sennor obispo que el que entendia / de yr a corte do sennor Papa <Martinno> Vº sobre alguas cousas que lle demandauan outrosi sobre /¹⁸ alguas cousas que cunplian ao dito mosteiro e por quanto esta[ua] proue e non tiinna garsado (*sic*)⁸ / para as espensas do caminno e da dita corte do dito sennor Papa, que lle pedia por / merçede que lle dese liçençia para poder enpennar alguas erdades ou lugares⁹ do dito mosteiro /²¹ para as ditas expensas e¹⁰ o dito sennor obispo diso que fezese juramento en / suas maaos que non enpennase cousa algua do dito mosteiro maliçiosamente saluo para o dito negocio e menester e o dito abbade asi fezo o dito juramento enas maaos /²⁴ do dito sennor obispo en presenza de min notario e testemuyas juso escriptas que obligaua seus beens / e os beens que lle devidos fosen da dita abadia e quaesquer benefiços que el ouuese para / quitar quaesquer lugares e cousas que asi enpennase do dito mosteiro para o dito negocio et /²⁷ o dito sennor obispo deulle a dita liçençia para o sobre<dito> e o dito abade diso que llo dese / todo asi signado.

Testemuyas: os sobreditos.

⁸ de] *riscado*.

⁹ j] *riscado*.

¹⁰ fezer] *riscado*.